

70 | VIVIRAQUÍ | CULTURA

Os escritores homenaxean a Agustín Fernández Paz

PONTEVEDRA. A homenaxe 'O Escritor na súa Terra', impulsada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), chega este ano a súa XV edición adicándose, por decisión unánime da súa asemblea de socios, á figura de Agustín Fernández Paz. O acto terá lugar mañá na súa vila natal, Vilalba (Lugo).

Esta iniciativa anual conforma xa unha tradición na traxectoria da AELG, e tense constituído ao longo de máis dunha década como unha celebración na que a terra de orixe do homenaxeado cobra protagonismo.

Trátase dunha celebración múltiple e popular na que se vén recoñecendo a entidade literaria de insignes figuras das

letras galegas, a través dunha serie de eventos como a entrega do galardón 'Letra E de escritor'; a entrega dunha peza escultórica asinada por Silverio Rivas; a plantación dunha árbore simbólica, elixida polo propio autor, e que neste caso é unha bidueira; e a inauguración dun monolito conmemorativo co nome do homenaxeado.

Nas actividades deste ano da homenaxe 'O escritor na súa terra' encargárase da laudatio a Fernández Paz o editor Manuel Bragado. Ademais intervirán o alcalde de Vilalba, Gerardo Criado; o presidente da Aelg, Cesáreo Sánchez Iglesias; e a secretaria da mesma Aelg, Mercedes Queixas.